



# PROGRAMA

VIERNES 4/06/2021, 20 h.



SINFÓNICA  
DE GALICIA

Programa

## Programa 26

**HANS ABRAHAMSEN (1952)**

**Concierto para trompa y orquesta [Estreno en España] (18')**

I

II

III

**SERGUÉI RACHMÁNINOV (1873-1943 )**

**Sinfonía nº 1, en re menor, op. 13 (42')**

*Grave – Allegro non troppo*

*Allegro animato*

*Larghetto*

*Allegro con fuoco*

**Stefan Dohr, trompa**

**Dima Slobodeniouk, director**

Coliseum de A Coruña

Viernes, 4 de junio 2021 – 20h.

## Hans Abrahamsen: *Concierto para trompa y orquesta*

Desde la austeridad de los *Diez preludios para cuarteto de cuerda*, de 1973, fruto de su militancia en lo que se llamó Nueva Simplicidad y en el Grupo para la Música Alternativa, al *Concierto para trompa y orquesta* que vamos a escuchar hoy en su estreno en España, hay un largo y apasionante recorrido en la creación del compositor danés Hans Abrahamsen (Kongens Lyngby, 1952). Un camino que incluye el patrocinio de Hans Werner Henze tras dirigir el exitoso estreno, en 1981, de su *Nacht und trompeten* —una obra que le religaba en cierto modo a una tradición reconocible en un momento delicado para ello— y, años después, un periodo de casi total silencio creativo, entre 1990 y 1998, tras replantearse sus presupuestos estéticos, y uno diría que hasta sociales, de su trabajo como compositor. No se trataría, en todo caso, de un apartamiento total pues de esos años surgieron obras tan estimulantes como reflexión acerca del trabajo propio y ajeno como sus *Ocho cánones de Johann Sebastian Bach*. Un aspecto este de su interés en tratar músicas no compuestas por él mismo, que marca muy directamente el catálogo de Abrahamsen, pues en él encontramos versiones de piezas de Ligeti, Nielsen, Schumann, Schoenberg, Norgard y Debussy. Igualmente será fundamental su continua conversación con la tradición, incluida, naturalmente, la que corresponde al romanticismo centroeuropeo, desde sus iniciales *Preludios para piano*, de 1983, hasta sus impresionantes *Cuatro piezas para orquesta*, de 2004, una obra que abrió un nuevo horizonte en su producción y que lo situó como uno de los grandes dominadores de la escritura sinfónica de nuestro tiempo. En ese sentido, todos quienes han escrito sobre él coinciden en la

importancia del *Concierto para piano y orquesta*, del año 2000, como inicio de esta etapa definitiva en su obra. La suma de esos elementos que fueron configurando su estilo, el planteamiento dialéctico de los mismos, el silencio y la vuelta a la ambición creadora han dado lugar a un dominio del material hecho de la experiencia y de una creciente sabiduría formal pero también de una recuperación de la libertad que sólo él sabe hasta qué punto le ha salvado como artista.

En la producción de Abrahamsen ha tenido una importancia fundamental la Orquesta Filarmónica de Berlín. Tan es así que este *Concierto para trompa y orquesta* es la cuarta de las obras que le ha encargado la formación alemana, aunque en esta ocasión con la colaboración de la Orquesta de la NHK de Tokio, la Radio de Holanda, la Orquesta Sinfónica de Seattle y la Philharmonia de Auckland. La primera de ellas fue la citada *Nacht und trompeten*, en 1981. Luego vendrían el ciclo de canciones *Let me tell you*, estrenado por Barbara Hannigan y Andris Nelsons en 2013 sobre la shakespeariana novela del mismo título de Paul Griffiths, y las *Tres piezas para orquesta*, dadas por vez primera en 2018 bajo la dirección de Simon Rattle. El *Concierto para trompa y orquesta* fue estrenado el 29 de enero de 2020 por quien será hoy su intérprete en A Coruña, Stephan Dohr, principal de la Filarmónica de Berlín, con su orquesta dirigida por Paavo Järvi.

El concierto, de algo menos de veinte minutos de duración, se abre en su primer movimiento de un modo casi pastoral, como en un anhelo de apelación inmediata a la naturaleza y al paisaje. En el segundo movimiento cambia por completo el panorama para introducirnos en lo que parece casi una confrontación física entre el solista y la orquesta, con la trompa pugnando por imponerse a un acechante magma sonoro. En un segundo episodio, los contrabajos atemperan la intensidad de ese acecho pero sin disipar una inquietud que la trompa refleja frente a un horizonte más calmo,

marcado también por un breve solo de la viola. A partir de ahí, y tras reaparecer el motivo de los contrabajos, el solista se demora en un amplio tema que finalmente introduce el sosiego junto a flautín y celesta. En el tercer movimiento, percusión y contrabajos arrojan a la trompa mientras, muy lentamente, se va ampliando el motivo inicial de dos notas. En un segundo episodio aquella desarrolla una melodía más amplia apoyada en las maderas y en un tercero el tempo se hace más vivo mientras se repite una suerte de célula por parte de la trompa que va haciéndose progresivamente más leve en una dinámica descendente hasta la conclusión de la obra. Una conclusión en la que el propio Abrahamsen confiesa haber incluido «un par de saludos breves a Richard Strauss y a Mozart».

## **Serguéi Rachmáninov: *Sinfonía nº 1 en re menor, op. 13***

En el otoño de 1894, Rachmáninov tenía dos obsesiones: ganar dinero y meterse de lleno en la composición de la que sería su *Primera sinfonía*, lo que supondría también acrecentar la buena reputación conseguida con el *Concierto nº 1 para piano y orquesta*, el *Trío elegíaco* y la fantasía para orquesta *La Roca*. Añadamos a ello, entre lo más interesante que pasaría definitivamente a su catálogo, la ópera *Aleko*, entregada como ejercicio de graduación en el conservatorio de Moscú, un puñado de canciones y unas cuantas piezas para piano.

Ganar dinero era importante para Serguéi Vasilievich porque su familia, aristócrata y musical, había perdido buena parte de su caudal debido a la incuria del padre, estupendo pianista aficionado pero también pésimo gestor de su vida y hacienda que abandonó finalmente a los suyos: «no tengo nada” —escribía a su amigo Mikhail Slonov el 3 de septiembre de 1894—, no me puedo permitir ningún exceso, sólo quiero tener algo para la vida más ordinaria, no

puedo vivir contando cada kopek»<sup>1</sup>. Las clases en la Escuela para Señoritas Marinski y en un par de institutos aliviaron su situación por más que lo enfrentaron a sus peculiaridades como docente: «soy un pobre profesor», le escribía pidiendo perdón por un incidente puntual a la directora de la Escuela Marinski, Madame Liventzova. La otra posibilidad de ganar dinero resultó ser una gira de conciertos con la violinista Teresina Tua, que moriría nonagenaria, en un convento, en 1956. La gira debía durar tres meses pero Rachmáninov abandonó antes de tiempo porque su papel no le satisfacía en absoluto.

Así, pues, en enero de 1895 se pone manos a la obra para trabajar en la idea ya elaborada mentalmente de escribir una sinfonía sobre temas de la liturgia ortodoxa rusa. La terminó el 2 de septiembre, «trabajando diez horas al día». «Dura cincuenta minutos. El diablo sabe lo que me preocupa que llegue a ser aburrida», le confesaría a Slonov. Para su composición le había animado sin duda el afecto y la admiración que siempre le profesó Chaikovski, que moriría en octubre de 1893, mientras de cara a su estreno resultaría fundamental el interés de Beliayev, el mecenas de la música rusa que necesitaba nuevos nombres que promocionar. Ya por su mediación se había dado La roca en San Petersburgo y Taneyev, aunque no le entusiasmaba la sinfonía, recomendó su estreno aludiendo a que en ella aparecían los rasgos «naturales a nuestra música contemporánea por los que es lógico que el autor se sienta atraído». A Rimski-Korsakov, sin embargo, no le parecía «agradable».

El 15 de marzo de 1897 se estrenaba la Primera sinfonía en San Petersburgo bajo la dirección de Glazunov y en un programa que incluía también *Fatum* de Chaikovski. El resultado fue desastroso debido en muy buena medida al lamentable trabajo de un Glazunov de quien se dijo que, sobre sus escasas cualidades conductoras, además estaba borracho. Cesar Cui la destrozó en su crítica en *Novosti* pero Nikolai Findeisen la salvó en la *Gaceta Musical Rusa*,

destacando las novedades que la partitura exhibía y pidiendo tiempo para su joven autor. El pobre Rachmaninov salió horrorizado del estreno, se deprimió profundamente —según también los problemas económicos— y acudió a dos remedios distintos pero, al parecer, finalmente complementarios: el afecto de su abuela Butakova y de Leon Tolstoi y los oficios del psiquiatra Nikolai Dahl, quien recurrió a la hipnosis entre otros remedios. A él le dedicaría, en 1901, su *Concierto n.º 2 para piano y orquesta*, su obra más popular y la que marcaría el inicio de una consideración universal como intérprete y compositor<sup>2</sup>.

Hoy no nos deja de parecer curiosa, al escuchar esta *Primera sinfonía*, esa apelación a la novedad que citaban, para bien o para mal, algunos de sus contemporáneos, aunque sí que se nos aparecen con claridad elementos que el autor desarrollará en el resto de sus sinfonías y en las *Danzas sinfónicas*: así la recurrencia de los temas principales, variados más o menos, a lo largo de la partitura, incluida la transformación del inicial en una suerte de *Dies Irae*. O la dialéctica entre una cierta retórica —en el último movimiento, la fanfarria introductoria y el golpe de gong— y la inequívoca veta lírica del compositor, tan claramente asumida, sin desmentir las influencias de Chaikovski y Borodin, sobre todo en el *Larghetto*. Hay rasgos de muy buena mano compositora y hasta de cierta originalidad, como el episodio fugado del *Allegro non troppo* y la forma en que en este va apareciendo la coda. En el fondo, todo tiene una cierta apariencia de contención, como de no querer expresar una sentimentalidad que podría exceder el planteamiento inicial y hasta el *Allegro con fuoco* parece someterse —después del riesgo corrido al prácticamente proponer una coda cuando aún quedan dos tercios de música por escuchar— a unos límites que revelan una inteligente autocrítica que le permite ser capaz de resolver la papeleta sin que quien escucha tenga que perdonar nada. Rachmáninov llegará mucho más lejos en 1907 con la

*Segunda sinfonía* y en 1936 con la *Tercera* y firmará una obra maestra en 1940 con las *Danzas sinfónicas*, la última obra de su catálogo. Esta *Primera*, con sus virtudes y sus defectos, bien merece una revisión atenta.

**Luis Suñén**

---

1 Las citas de las cartas de Rachmáninov y las opiniones de sus contemporáneos están tomadas de *Sergei Rachmaninoff. A Lifetime in Music*, de Sergei Bertensson y Jay Leyda (Indiana University Press, Bloomington, 2001).

2 El doctor Dahl era un estimable viola aficionado. Bertensson y Leyda relatan en el libro citado —pág. 96— que, en 1928, estaba tocando con la Orquesta de la Universidad de Beirut precisamente el *Segundo concierto* de Rachmáninov. El solista y director, Arcadie Kouguell, al finalizar la interpretación, informó a la audiencia acerca de la dedicatoria de la obra y de que su protagonista estaba entre los músicos de la orquesta, haciéndole ponerse en pie para recibir las ovaciones del público.



## Hans Abrahamsen: *Concerto para trompa e orquestra*

Desde a austeridade dos *Dez preludios para cuarteto de corda*, de 1973, froito da súa militancia no que se chamou Nova Simplicidade e no Grupo para a Música Alternativa, ao *Concerto para trompa e orquestra* que imos escoitar hoxe na súa estrea en España, hai un longo e apaixonante percorrido na creación do compositor danés Hans Abrahamsen (Kongens Lyngby, 1952). Un camiño que inclúe o apadriñamento de Hans Werner Henze logo de dirixir con éxito a estrea, en 1981, do seu título *Nacht und trompeten* —unha obra que o ligaba en certo modo a unha tradición recoñecible nun momento delicado para iso— e, anos despois, un período de case total silencio creativo, entre os anos 1990 e 1998, logo de reformular os seus presupostos estéticos, e un diría que mesmo sociais, do seu traballo como compositor. Non se trataría, en todo caso, dun afastamento total xa que deses anos xurdiron obras tan estimulantes como reflexión sobre o traballo propio e alleo como os seus *Oito canons de Johann Sebastian Bach*. Un aspecto este do seu interese en tratar músicas non compostas por el mesmo, que marca moi directamente o catálogo de Abrahamsen, pois nel atopamos versións de pezas de Ligeti, Nielsen, Schumann, Schoenberg, Norgard e Debussy. Igualmente será fundamental a súa continua conversa coa tradición, incluída, naturalmente, a que corresponde ao romanticismo centroeuropeo, dende os seus iniciais *Preludios para piano*, de 1983, ata as súas impresionantes *Catro pezas para orquestra*, de 2004, unha obra que abriu un novo horizonte na súa produción e que o situou como un dos grandes dominadores da escritura sinfónica do noso tempo. Nese sentido, todos os que escribiron sobre el coinciden na importancia do

*Concerto para piano e orquestra*, do ano 2000, como inicio desta etapa definitiva na súa obra. A suma deses elementos que foron configurando o seu estilo, a formulación dialéctica destes, o silencio e a volta á ambición creadora deron lugar a un dominio do material feito da experiencia e dunha crecente sabedoría formal mais tamén dunha recuperación da liberdade que só el sabe ata que punto o salvou como artista.

Na produción de Abrahamsen tivo unha importancia fundamental a Orquestra Filharmónica de Berlín. Tanto é así que este *Concerto para trompa e orquestra* é a cuarta das obras que lle encargou a formación alemá, aínda que nesta ocasión coa colaboración da Orquestra da NHK de Tokio, da Radio de Holanda, da Orquestra Sinfónica de Seattle e mais da Philharmonia de Auckland. A primeira delas foi a citada *Nacht und trompeten*, en 1981. Logo virían o ciclo de cancións *Let me tell you*, estreado por Barbara Hannigan e Andris Nelsons en 2013 sobre a shakespeariana novela do mesmo título de Paul Griffiths, e as *Tres pezas para orquestra*, dadas por vez primeira en 2018 baixo a dirección de Simon Rattle. O *Concerto para trompa e orquestra* foi estreado o 29 de xaneiro de 2020 por quen ha de ser hoxe o seu intérprete na Coruña, Stephan Dohr, principal da Filharmónica de Berlín, coa súa orquestra dirixida por Paavo Järvi.

O concerto, de algo menos de vinte minutos de duración, ábrese no seu primeiro movemento dun xeito case pastoral, como nun anhelo de apelación inmediata á natureza e á paisaxe. No segundo movemento muda por completo o panorama para nos introducir no que semella case unha confrontación física entre o solista e a orquestra, coa trompa pugnando por se impoñer a un asexante magma sonoro. Nun segundo episodio, os contrabaixos atemperan a intensidade dese asexo pero sen disipar unha inquietude que a trompa reflicte fronte a un horizonte máis calmo, marcado tamén por un breve solo da viola. A partir de aí, e logo de reaparecer o

motivo dos contrabaixos, o solista demórase nun amplo tema que finalmente introduce o sosego xunto a frauta pequena e celesta. No terceiro movemento, percusión e contrabaixos arroupan a trompa mentres, moi lentamente, se vai ampliando o motivo inicial de dúas notas. Nun segundo episodio aquela desenvolve unha melodía máis ampla apoiada nas madeiras e nun terceiro o tempo faise máis vivo mentres se repite unha especie de célula por parte da trompa que se vai facendo progresivamente máis leve nunha dinámica descendente ata a conclusión da obra. Unha conclusión na que o propio Abrahamsen confesa ter incluído «un par de saúdos breves a Richard Strauss e mais a Mozart».

## **Serguéi Rachmáninov: *Sinfonía nº 1 en re menor, op. 13***

No outono de 1894, Rachmáninov tiña dúas obsesións: gañar cartos e meterse de cheo na composición da que sería a súa *Primeira sinfonía*, o que suporía tamén acrecentar a boa reputación conseguida co *Concerto nº 1 para piano e orquestra*, o *Trío elexíaco* e a fantasía para orquestra *A rocha*. Engadámolles a isto, entre o máis interesante que pasaría definitivamente ao seu catálogo, a ópera *Aleko*, entregada como exercicio de graduación no conservatorio de Moscova, unha presada de cancións e unhas cantas pezas para piano.

Gañar cartos era importante para Serguéi Vasilievich porque a súa familia, aristócrata e musical, perdera boa parte do seu caudal debido á incuria do pai, estupendo pianista afeccionado mais tamén pésimo xestor da súa vida e facenda que abandonou finalmente os seus: «non teño nada —escribíalle ao seu amigo Mikhail Slonov o 3 de setembro de 1894—, non me podo permitir ningún exceso, só quero ter algo para a vida máis ordinaria, non podo vivir contando cada kopek»<sup>1</sup>. As clases na Escola para

Señoritas Marinski e nun par de institutos aliviaron a súa situación por máis que o enfrontaron ás súas peculiaridades como docente: «son un pobre profesor», escribíalle pedindo perdón por un incidente puntual á directora da Escuela Marinski, Madame Liventzova. A outra posibilidade de ganar diñeiro resultou ser unha xira de concertos coa violinista Teresina Tua, que morrería nonaxenaria, nun convento, en 1956. A xira debía durar tres meses pero Rachmáninov abandonou antes de tempo porque o seu papel non o satisfacía en absoluto.

Así pois, en xaneiro de 1895 ponse mans á obra para traballar na idea xa elaborada mentalmente de escribir unha sinfonía sobre temas da liturxia ortodoxa rusa. Rematouna o 2 de setembro, «traballando dez horas ao día». «Dura cincuenta minutos. O demo sabe o que me preocupa que chegue a ser aburrida», confesaríalle a Slonov. Para a súa composición animáranos sen dúbida ningunha o afecto e mais a admiración que sempre lle profesou Chaicóvski, que habería de morrer en outubro de 1893, mentres de cara á súa estrea resultaría fundamental o interese de Beliayev, o mecenas da música rusa que necesitaba novos nomes que promocionar. Xa pola súa mediación se dera A rocha en San Petersburgo e Taneyev, aínda que non o entusiasmaba a sinfonía, recomendou a súa estrea aludindo a que nela aparecían os trazos «naturais á nosa música contemporánea polos que é lóxico que o autor se sinta atraído». A Rimski-Korsakov, así e todo, non lle parecía «agradable».

O 15 de marzo de 1897 estreábase a *Primeira sinfonía* en San Petersburgo baixo a dirección de Glazunov e nun programa que incluía tamén *Fatum* de Chaicóvski. O resultado foi desastroso debido en moi boa medida ao lamentable traballo dun Glazunov de quen se dixo que, sobre as súas escasas calidades condutoras, ademais estaba bébedo. Cesar Cui esnaquizouna na súa crítica en *Novosti* pero Nikolai Findeisen salvouna na *Gaceta Musical Rusa*, destacando as novidades que a partitura exhibía e pedindo tempo

para o seu autor mozo. O pobre Rachmaninov saíu horrorizado da estrea, deprimiuse profundamente —seguían tamén os problemas económicos— e acudiu a dous remedios distintos pero, segundo parece, finalmente complementarios: o afecto da súa avoa Butakova e de Leon Tolstoi e os oficios do psiquiatra Nikolai Dahl, quen recorreu á hipnose entre outros remedios. A el dedicárialle, en 1901, o seu *Concerto nº 2 para piano e orquestra*, a súa obra máis popular e a que marcaría o inicio dunha consideración universal como intérprete e compositor<sup>2</sup>.

Hoxe non nos deixa de semellar curiosa, ao escoitar esta *Primeira sinfonía*, esa apelación á novidade que citaban, para ben ou para mal, algúns dos seus contemporáneos, aínda que si que se nos aparecen con claridade elementos que o autor ha de desenvolver no resto das súas sinfonías e nas *Danzas sinfónicas*: así a recorrencia dos temas principais, variados máis ou menos, ao longo da partitura, incluída a transformación do inicial nunha especie de *Dies Irae*. Ou a dialéctica entre unha certa retórica —no derradeiro movemento, a fanfarra introdutoria e o golpe de gong— e a inequívoca veta lírica do compositor, tan claramente asumida, sen desmentir as influencias de Chaicóvsqui e Borodin, sobre todo no *Larghetto*. Hai trazos de moi boa man compositora e mesmo de certa orixinalidade, como o episodio fugado do *Allegro non troppo* e a forma en que neste vai aparecendo a coda. No fondo, todo ten unha certa aparencia de contención, como de non querer espremer unha sentimentalidade que podería exceder a formulación inicial e mesmo o *Allegro con fuoco* semella someterse —despois do risco corrido ao practicamente propoñer unha coda cando aínda quedan dous terzos de música por escoitar— a uns límites que revelan unha intelixente autocrítica que lle permite ser capaz de resolver a papeleta sen que quen escoita teña que perdoar nada. Rachmáninov chegará moito máis lonxe en 1907 coa *Segunda sinfonía* e en 1936 coa *Terceira* e asinará unha obra mestra en 1940

coas Danzas sinfónicas, a derradeira obra do seu catálogo. Esta *Primeira*, coas súas virtudes e os seus defectos, ben merece unha revisión atenta

**Luis Suñén**

---

1 As citas das cartas de Rachmáninov e as opinións dos seus contemporáneos están tomadas de *Sergei Rachmaninoff. A Lifetime in Music*, de Sergei Bertensson e Jay Leyda (Indiana University Press, Bloomington, 2001).

2 O doutor Dahl era un estimable viola afeccionado. Bertensson e Leyda relatan no libro citado —páx. 96— que, en 1928, estaba tocando coa Orquestra da Universidade de Beirut precisamente o *Segundo concerto* de Rachmáninov. O solista e director, Arcadie Kouguell, ao finalizar a interpretación, informou a audiencia sobre a dedicatoria da obra e de que o seu protagonista estaba entre os músicos da orquestra, para así facer que se puxese en pé para recibir as ovacións do público.

## Dima Slobodeniouk, director



Alabado por su inteligente liderazgo artístico, Dima Slobodeniouk ocupa el cargo de director titular de la Orquesta Sinfónica de Galicia desde 2013, puesto que combina con sus más recientes compromisos como director de la Orquesta Sinfónica de Lahti y director artístico del Festival Sibelius tras su nombramiento en 2016. Vinculando sus raíces rusas nativas con la influencia cultural de su tierra natal —Finlandia—, se apoya en el poderoso patrimonio musical de ambos países.

Trabaja además con orquestas como la Filarmónica de Berlín, Gewandhausorchester de Leipzig, Symphonieorchester des Bayerischen Rundfunks, Rundfunk-Sinfonieorchester de Berlín, ORF Radio-Symphonieorchester de Viena, Orquesta Filarmónica de Londres, Orquesta Sinfónica de Londres, Orquesta Sinfónica de la Radio Finlandesa, Orquesta Filarmónica de Rotterdam, las orquestas sinfónicas de Chicago, Houston y Baltimore, así como la Orquesta Sinfónica de Sídney.

Los compromisos del Slobodeniouk para 2020/21 incluyen su debut con la Filarmónica de Estocolmo y la Orquesta Sinfónica de Pittsburg. Dirigirá a la Orquesta Sinfónica de Boston con *El Pájaro de Fuego* de Stravinski, vuelve a trabajar con la Orquesta de Minnesota, la Sinfónica de Frankfurt Rundfunk, Rundfunk-Sinfonieorchester de Berlín, la Radio-Symphonieorchester de Viena con *Prometeo* de Scriabin y la *Sinfonía de los Salmos* de Stravinski, con el Coro de la ORF. Además, dirigirá a la Filarmónica de los Países Bajos en su setenta y cinco aniversario con Truls Mørk así como la Orquesta Sinfónica de Barcelona.

Abrió la temporada de la Orquesta Sinfónica de Galicia con la Sinfonía nº 9 de Mahler. Con la Orquesta Sinfónica de Lahti inició la temporada con el trabajo de cinco jóvenes compositores: Olli Moilanen, Petros Paukkunen, Lara Poe Stephen Webb y Dante Thelestam como parte del Festival Sibelius Nursery. Todos estos jóvenes compositores han creado sus obras durante la primavera y bajo la tutela de grandes compositores como: Haapanen, Whittall, Fagerlund, Talvitie, Wennäkoski. Algunos de los solistas con los que ha trabajará esta temporada son Leif Ove Andsnes, Joshua Bell, Khatia Buniatishvili, Vadim Gluzman, Håkan Hardenberger, Johannes Moser, Truls Mørk, Baiba Skride, Yuja Wang and Frank Peter Zimmermann.

La discografía de Slobodeniouk se amplió recientemente con grabaciones de las suites de Prokófiev con la Orquesta Sinfónica de Lahti, con la que previamente había grabado las obras de Kalevi Aho (BIS), recibiendo este último trabajo el premio BBC Music Magazine 2018. Ha grabado obras de Stravinski con la Orquesta Sinfónica de Galicia (BIS), Perttu Haapanen y Lotta Wennäkoski con la Orquesta Sinfónica de la Radio Finlandesa (Ondine) y obras de Sebastian Fagerlund con la Orquesta Sinfónica de Gotemburgo (BIS).

Dima Slobodeniouk, nacido en Moscú, estudió violín en la Escuela



Central de Música de Moscú con Zinaida Gilels y Jevgenia Chugajev; en el Conservatorio de Finlandia Central así como en la Academia Sibelius con Olga Parhomenko. Sus estudios de dirección continuaron con Atso Almila bajo la guía de Leif Segerstam y Jorma Panula en la Academia Sibelius, y también estudió con Ilya Musin y Esa-Pekka Salonen. En su afán por inspirar a los jóvenes músicos del futuro, Slobodeniouk ha trabajado en los últimos años con estudiantes en la Academia del Festival Verbier y, además, comenzó una iniciativa de dirección de orquesta con la Sinfónica de Galicia, brindando una oportunidad para que los estudiantes trabajen en el podio con una orquesta profesional.

## Dima Slobodeniouk, director



Loado polo seu intelixente liderado artístico, Dima Slobodeniouk ocupa o cargo de director titular da Orquestra Sinfónica de Galicia desde 2013, posto que combina cos seus máis recentes compromisos como director da Orquestra Sinfónica de Lahti e director artístico do Festival Sibelius tras o seu nomeamento en 2016. Vinculando as súas raíces rusas nativas coa influencia cultural da súa terra natal —Finlandia—, apóiase no poderoso patrimonio musical de ambos os dous países.

Traballa ademais con orquestras como a Filharmónica de Berlín, a Gewandhausorchester de Leipzig, a Symphonieorchester des Bayerischen Rundfunks, a Rundfunk-Sinfonieorchester de Berlín, a ORF Radio-Symphonieorchester de Viena, a Orquestra Filharmónica de Londres, a Orquestra Sinfónica de Londres, a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa, a Orquestra Filharmónica de Rotterdam, as orquestras sinfónicas de Chicago, Houston e Baltimore, así como a Orquestra Sinfónica de Sidney.

Os compromisos de Slobodeniouk para 2020/21 inclúen o seu debut coa Filharmónica de Estocolmo e a Orquestra Sinfónica de Pittsburg. Dirixirá a Orquestra Sinfónica de Boston coas obras *O Paxaro de Lume* de Stravinski, volve traballar coa Orquestra de Minnesota, coa Sinfónica de Frankfurt Rundfunk, coa Rundfunk-Sinfonieorchester de Berlín, coa Radio-Symphonieorchester de Viena con *Prometeo* de Scriabin e mais coa Sinfonía dos *Salmos* de Stravinski, co Coro da ORF. Ademais, dirixirá a Filharmónica dos Países Baixos no seu setenta e cinco aniversario con Truls Mørk así como a Orquestra Sinfónica de Barcelona.

Abriu a temporada da Orquestra Sinfónica de Galicia coa *Sinfonía nº 9* de Mahler. Coa Orquestra Sinfónica de Lahti iniciou a temporada co traballo de cinco mozos compositores: Olli Moilanen, Petros Paukkunen, Lara Poe Stephen Webb e Dante Thelestam como parte do Festival Sibelius Nursery. Todos estes mozos compositores crearon as súas obras durante a primavera e baixo a tutela de grandes compositores como: Haapanen, Whittall, Fagerlund, Talvitie, Wennäkoski. Algúns dos solistas cos que traballou esta temporada son Leif Ove Andsnes, Joshua Bell, Khatia Buniatishvili, Vadim Gluzman, Håkan Hardenberger, Johannes Moser, Truls Mørk, Baiba Skride ou Yuja Wang and Frank Peter Zimmermann.

A discografía de Slobodeniouk ampliouse recentemente con gravacións das suites de Prokófiev coa Orquestra Sinfónica de Lahti, coa que previamente gravara as obras de Kalevi Aho (BIS), traballo que recibiu o premio BBC Music Magazine 2018. Gravou obras de Stravinski coa Orquestra Sinfónica de Galicia (BIS), Perttu Haapanen e Lotta Wennäkoski coa Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa (Ondine) e obras de Sebastian Fagerlund coa Orquestra Sinfónica de Gotemburgo (BIS).

Dima Slobodeniouk, nado en Moscova, estudou violín na Escola Central de Música de Moscova con Zinaida Gilels e Jevgenia

Chugajev; no Conservatorio de Finlandia Central así como na Academia Sibelius con Olga Parhomenko. Os seus estudos de dirección continuaron con Atso Almila baixo a guía de Leif Segerstam e Jorma Panula na Academia Sibelius, e tamén estudou con Ilya Musin e Esa-Pekka Salonen. No seu afán por inspirar os mozos músicos do futuro, Slobodeniouk traballou nos últimos anos con estudantes na Academia do Festival Verbier e, ademais, comezou unha iniciativa de dirección de orquestra coa Sinfónica de Galicia, que brinda unha oportunidade para que os estudantes traballen no podio cunha orquestra profesional.

## Stefan Dohr, trompa



Proclamado por el New York Chronicle como el «rey de su instrumento», Stefan Dohr es considerado como uno de los mejores trompistas del mundo.

Además de ser el trompa principal de la Filarmónica de Berlín, Stefan ha colaborado como solista con los principales directores de orquesta del mundo, incluido Simon Rattle, Claudio Abbado, Daniel Barenboim, Bernard Haitink, Christian Thielemann, Daniel Harding, Neeme Järvi, Paavo Järvi, Dima Slobodeniuk, Gustavo Gimeno, John Storgårds y Marc Albrecht. Ha actuado con orquestas como la Filarmónica de Berlín, Filarmónica de Los Ángeles, Deutsche Kammerphilharmonie Bremen, Orquesta Sinfónica de la Radio Sueca, Rundfunk-Sinfonieorchester de Berlín, Filarmónica de Oslo, Orchestre de Chambre de Paris, Orquesta Nacional de España, Orquesta Filarmónica de Shanghái y Filarmónica de Osaka.

Además de interpretar las grandes obras clásicas y románticas para

trompa, Stefan Dohr amplía continuamente el repertorio del instrumento. Encarga y estrena nuevas piezas de los compositores más destacados de la actualidad. En los últimos años estos han incluido obras de Herbert Willi, Jorge E. López, Johannes Wallmann, Dai Bo, Toshio Hosokawa y Wolfgang Rihm.

En la temporada 2019/20 se hizo el estreno mundial de un nuevo concierto para trompa del ganador del Premio Grawemeyer, Hans Abrahamsen con la Filarmónica de Berlín bajo la dirección de Paavo Järvi, en colaboración con la NHK Symphony Orquesta, Orquesta Filarmónica de la Radio de los Países Bajos, Orquesta Sinfónica de Seattle y la Filarmónica de Auckland. Stefan interpretará este concierto en la temporada actual también con la Orchestre Philharmonique de Radio France bajo Mikko Franck, la Orquesta Sinfónica de Galicia bajo la dirección de Dima Slobodeniouk, con la Filarmónica de Tampere con Kristiina Poska y la Sinfónica de Seattle con Thomas Dausgaard. Otros de sus grandes compromisos incluyen apariciones con la Filarmónica de Dresde con dirección de Cornelius Meister y la Filarmónica de Estrasburgo con Aziz Shokakimov.

Stefan es un prolífico músico de cámara y miembro permanente del Ensemble Wien-Berlin, Berliner Philharmoniker Chamber Music Society y Philharmonisches Oktett de Berlín. Ha actuado en los festivales de música de Lucerna, Salzburgo, Rheingau y Baden-Baden junto a destacados artistas como Maurizio Pollini, Ian Bostridge, Lars Vogt, Kolja Blacher, Markus Becker, Guy Braunstein, Mark Padmore y Kirill Gerstein.

La extensa discografía de Stefan incluye *The Yellow Shark* con Ensemble Modern y Frank Zappa (Barking Pumpkin Records); *Konzertstück* de Schumann para cuatro trompas y orquesta con Paavo Järvi y la Deutsche Kammerphilharmonie Bremen (RCA Red Label), el Concierto para trompa de Toshio Hosokawa («*Moment of*

*Blossoming*») con la Royal Scottish National Orchestra (Naxos), música para trompa y piano de Franz y Richard Strauss con Markus Becker (Campanella Musica), los conciertos completos para trompa de Mozart con Camerata Schulz y el *Concertino para trompa y orquesta* de Weber con la Münchner Rundfunkorchester (ambos en el sello Camerata).

Stefan estudió en Essen y Colonia, comenzando su carrera profesional a la edad de diecinueve años como trompa principal de la Ópera de Frankfurt; durante este período también apareció con frecuencia como artista invitado con el Ensemble Modern. Ocupó el cargo de trompa principal en la Filarmónica de Niza, Deutsches Symphonie-Orchester de Berlín y en las orquestas de los festivales de Bayreuth y Lucerna antes de asumir su cargo actual en 1993. Stefan es profesor invitado en el Royal College of Music, la Academia Sibelius y miembro de la facultad de la Academia Herbert von Karajan y de la Hochschule für Musik «Hanns Eisler» de Berlín.

## Stefan Dohr, trompa



Proclamado polo New York Chronicle como o «rei do seu instrumento», Stefan Dohr é considerado como un dos mellores trompistas do mundo.

Ademais de ser o trompa principal da Filharmónica de Berlín, Stefan colaborou como solista cos principais directores de orquestra do mundo, incluído Simon Rattle, Claudio Abbado, Daniel Barenboim, Bernard Haitink, Christian Thielemann, Daniel Harding, Neeme Järvi, Paavo Järvi, Dima Slobodeniuk, Gustavo Gimeno, John Storgårds e Marc Albrecht. Actuou con orquestras como a Filharmónica de Berlín, a Filharmónica de Los Ángeles, a Deutsche Kammerphilharmonie Bremen, a Orquestra Sinfónica da Radio Sueca, a Rundfunk-Sinfonieorchester de Berlín, a Filharmónica de Oslo, a Orchestre de Chambre de París, a Orquestra Nacional de España, a Orquestra Filharmónica de Shanghái e mais a Filharmónica de Osaka.



Ademais de interpretar as grandes obras clásicas e románticas para trompa, Stefan Dohr amplía continuamente o repertorio do instrumento. Encarga e estrea novas pezas dos compositores máis destacados da actualidade. Nos últimos anos estes incluíron obras de Herbert Willi, Jorge E. López, Johannes Wallmann, Dai Bo, Toshio Hosokawa e Wolfgang Rihm.

Na temporada 2019/20 fíxose a estrea mundial dun novo concerto para trompa do gañador do Premio Grawemeyer, Hans Abrahamsen coa Filharmónica de Berlín baixo a dirección de Paavo Järvi, en colaboración coa NHK Symphony Orquesta, a Orquestra Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Orquestra Sinfónica de Seattle e a Filharmónica de Auckland. Stefan interpretará este concerto na temporada actual tamén coa Orchestre Philharmonique de Radio France baixo Mikko Franck, a Orquestra Sinfónica de Galicia baixo a dirección de Dima Slobodeniouk, coa Filharmónica de Tampere con Kristiina Poska e a Sinfónica de Seattle con Thomas Dausgaard. Outros dos seus grandes compromisos inclúen aparicións coa Filharmónica de Dresde con dirección de Cornelius Meister e a Filharmónica de Estrasburgo con Aziz Shokakimov.

Stefan é un prolífico músico de cámara e membro permanente do Ensemble Wien-Berlin, Berliner Philharmoniker Chamber Music Society e Philharmonisches Oktett de Berlín. Actuou nos festivais de música de Lucerna, Salzburgo, Rheingau e Baden-Baden xunto a destacados artistas como Maurizio Pollini, Ian Bostridge, Lars Vogt, Kolja Blacher, Markus Becker, Guy Braunstein, Mark Padmore e Kirill Gerstein.

A extensa discografía de Stefan inclúe *The Yellow Shark* con Ensemble Modern e Frank Zappa (Barking Pumpkin Records); *Konzertstück* de Schumann para catro trompas e orquestra con Paavo Järvi e a Deutsche Kammerphilharmonie Bremen (RCA Red

Label), o *Concerto para trompa* de Toshio Hosokawa («*Moment of Blossoming*») coa Royal Scottish National Orchestra (Naxos), música para trompa e piano de Franz e Richard Strauss con Markus Becker (Campanella Musica), os concertos completos para trompa de Mozart con Camerata Schulz e o *Concertino para trompa e orquestra* de Weber coa Münchner Rundfunkorchester (ambos os dous no selo Camerata).

Stefan estudou en Essen e Colonia, comezou a súa carreira profesional á idade de dezanove anos como trompa principal da Ópera de Frankfurt; durante este período tamén apareceu con frecuencia como artista convidado co Ensemble Modern. Ocupou o cargo de trompa principal na Filharmónica de Niza, Deutsches Symphonie-Orchester de Berlín e nas orquestras dos festivais de Bayreuth e Lucerna antes de asumir o seu cargo actual en 1993. Stefan é profesor convidado no Royal College of Music, na Academia Sibelius e membro da facultade da Academia Herbert von Karajan e da Hochschule für Musik «Hanns Eisler» de Berlín.

# Orquesta Sinfónica de Galicia

## **VIOLINES I**

Massimo Spadano\*\*\*\*\*  
Ludwig Dürichen\*\*\*\*  
Vladimir Prjevalski\*\*\*\*  
Iana Antonyan  
Ruslan Asanov  
Caroline Bournaud  
Gabriel Bussi  
Carolina M<sup>a</sup> Cygan Witoslawska  
Dominica Malec Andruszkiewicz  
Dorothea Nicholas  
Mihai Andrei Tanasescu Kadar  
Stefan Utanu  
Florian Vlashi  
Roman Wojtowicz

## **VIOLINES II**

Fumika Yamamura\*\*\*  
Adrián Linares Reyes\*\*\*  
Gertraud Brilmayer  
Lylia Chirilov  
Marcelo González Kriguer  
Deborah Hamburger  
Enrique Iglesias Precedo  
Helle Karlsson  
Gregory Klass  
Stefan Marinescu

## **VIOLAS**

Eugenia Petrova\*\*\*

Francisco Miguens Regozo\*\*\*  
Andrei Kevorkov\*  
Raymond Arteaga Morales  
Alison Dalglish  
Despina Ionescu  
Jeffrey Johnson  
Jozef Kramar  
Luigi Mazzucato  
Karen Poghosyan  
Wladimir Rosinskij

### **VIOLONCHELOS**

Rouslana Prokopenko\*\*\*  
Raúl Mirás López\*\*\*  
Gabriel Tanasescu\*  
M<sup>a</sup> Antonieta Carrasco Leiton  
Berthold Hamburger  
Scott M. Hardy  
Florence Ronfort  
Ramón Solsona Massana

### **CONTRABAJOS**

Risto Vuolanne\*\*\*  
Diego Zecharies\*\*\*  
Todd Williamson\*  
Mario J. Alexandre Rodrigues  
Douglas Gwynn  
Jose F. Rodrigues Alexandre

### **FLAUTAS**

Claudia Walker Moore\*\*\*  
M<sup>a</sup> José Ortuño Benito\*\*  
Juan Ibáñez Briz\*

## **OBOES**

Casey Hill\*\*\*

David Villa Escribano\*\*

## **CLARINETES**

Juan Antonio Ferrer Cerveró\*\*\*

Iván Marín García\*\*

Pere Anguera Camós\*

## **FAGOTES**

Steve Harriswangler\*\*\*

Mary Ellen Harriswangler\*\*

Alex Salgueiro \*

## **TROMPAS**

Nicolás Gómez Naval\*\*\*

David Bushnell\*\*

Manuel Moya Canós\*

Amy Schimelmann\*

## **TROMPETAS**

Thomas Purdie\*\*

Michael Halpern\*

## **TROMBONES**

Jon Etterbeek\*\*\*

Eyvind Sommerfelt\*

Óscar Vázquez Vilariño\*\*\*

## **TUBA**

Jesper Boile Nielsen\*\*\*

## **PERCUSIÓN**

José A. Trigueros Segarra\*\*\*

José Belmonte Monar\*\*

Alejandro Sanz Redondo\*

**ARPA**

Celine C. Landelle\*\*\*

**MÚSICOS INVITADOS TEMPORADA 20-21**

**VIOLIN I**

Angel Enrique Sánchez Marote

**VIOLINES II**

Natalia Cid Iriarte

Elena Pérez Velasco

Clara Vázquez Ledesma

**VIOLONCHELO**

M<sup>a</sup> Victoria Pedrero Pérez

**OBOE**

Tania Ramos Morado\*

**TROMPETA**

Alejandro Vázquez Lamela\*\*\*

Manuel Fernández Álvarez\*

**Notas:**

\*\*\*\*\* Concertino

\*\*\*\* Ayuda de Concertino

\*\*\* Principal

\*\* Principal-Asistente

\* Coprincipal

# Músicos invitados para este programa

## **VIOLÍN I**

Pedro Rodríguez Rodríguez\*\*\*\*

## **VIOLÍN II**

Virginia González Leondhart

Ioan Haffner

Rebeca Maseda Longarela

## **CONTRABAJO**

Tiago Paulo Carneiro Rocha

Enrique Jesús Rodríguez Yebra

## **OBOE**

Carolina Rodríguez Canosa\*

## **TROMPA**

Javier Molina Parra\*\*\*

## **PERCUSIÓN**

Ana Gayoso Taboada\*

Miguel Ángel Martínez Martínez\*

Noé Rodrigo Gisbert\*

Irene Rodríguez Rodríguez\*

## **CELESTA**

Alicia González Permy\*\*\*

# Consortio para la Promoción de la Música

Inés Rey

**Presidenta**

## **EQUIPO TÉCNICO - ADMINISTRATIVO**

Andrés Lacasa Nikiforov

**Gerente**

Olga Dourado González

**Secretaria-interventora**

María Salgado Porto

**Jefa de gestión económica**

Ángeles Cucarella López

**Coordinadora general**

José Manuel Queijo

**Jefe de producción**

Javier Vizoso

**Jefe de prensa y comunicación**

Alberto García Buño

**Contable**

Zita Kadar

**Archivo musical**

Iván Portela López

**Programas didácticos**



José Antonio Anido Rodríguez  
**Angelina Déniz García**

Noelia Roberedo Secades  
**Administración**

Inmaculada Sánchez Canosa  
**Gerencia y coordinación**

Nerea Varela  
**Secretaría de producción**

Lucía Sándeiz Sanmartín  
**Prensa y comunicación**

José Manuel Ageitos Calvo  
Daniel Rey Campaña  
**Regidores**

Diana Romero Vila  
**Auxiliar de archivo**

Montse Bonhome  
**Auxiliar de regidor**

Próximos conciertos

# Grupo Untía - Concierto en Betanzos

**Iglesia de Santa María de Betanzos**

Sábado, 5 de junio – 20h

**GIUSEPPE TARTINI**

*Concertino (arr. G. Jacob)*

**PAULINO PEREIRO**

*Dúas Passajes Da terra Chá [Obra encargo de la OSG. Estreno absoluto]*

**CARL MARIA VON WEBER**

*Quinteto (Arreglo para Sexteto)*

*Allegro*

*Fantasía*

*Menuetto Capriccio*

*Rondó*

**Grupo Untía**

**Juan Ferrer**, clarinete

**Pedro Rodríguez**, violín I

**Carolina M<sup>a</sup> Witoslawska**, violín II

**Luigi Mazzucato**, viola

**Raúl Mirás**, violonchelo

**Todd Williamson**, contrabajo

# Festival Resis – Proyecto 2020(21) - OSG Sinfonietta

## Teatro Colón de A Coruña

Domingo, 6 de junio 2021 – 19h.

### CARME RODRÍGUEZ

*A voz no berce* [Obra encargo de la OSG. Estreno absoluto]

### SOFÍA ORIANA

*Cassandra 22* [Obra encargo de la OSG. Estreno absoluto]

### FEDERICO MOSQUERA

*Kaleidoscope* [Obra encargo de la OSG. Estreno absoluto]

### PAZ PITA

*Kreep* [Obra encargo de la OSG. Estreno absoluto]

### XAVIER DE PAZ

*N'ell incana* [Obra encargo de la OSG. Estreno absoluto]

## OSG SINFONIETTA

**Nacho de Paz**, director  
**Mihai Tanasescu**, violín I  
**Gabriel Bussi**, violín I  
**Fumika Yamamura**, violín II  
**Ángel Marote**, violín II  
**Luigi Mazzucato**, viola  
**Jeffrey Johnson**, viola  
**Raúl Mirás**, violonchelo  
**Ramón Solsona**, violonchelo

**Todd Williamson**, contrabajo  
**María José Ortuño**, flauta  
**Tania Ramos**, oboe  
**Iván Marín**, clarinete  
**Álex Salgueiro**, fagot  
**Nicolas Gómez Naval**, trompa  
**Alejandro Sanz**, percusión  
**Irene Rodríguez**, percusión  
**Alicia González Permuy**, piano

## Programa 27

### Coliseum A Coruña

Viernes, 11 de junio – 20h

Sábado, 12 de junio – 20h

### R. VAUGHAN WILLIAMS

*Concerto grosso para orquesta de cuerda\**

### ORQUESTA INFANTIL DE LA OSG

### WOLFGANG AMADEUS MOZART

*Requiem en re menor, K. 626*

**CHRISTINA LANDSHAMER**, soprano

**MARIE HENRIETTE REINHOLD**, mezzosoprano

**MATTHEW SWENSEN**, tenor

**YORCK FELIX SPEER**, bajo

**CORO DE LA OSG**

**JOAN COMPANY**, director del coro

**DIMA SLOBODENIOUK**, director

Con la colaboración de la Xunta de Galicia



Xacobeo 21-22  
Galicia

<https://coliseum.sacatuentrada.es>

Contacto



[sinfonicadegalicia.com](http://sinfonicadegalicia.com)  
[sonfuturo.com](http://sonfuturo.com)



[facebook.com/sinfonicadegalicia](https://facebook.com/sinfonicadegalicia)



[twitter.com/OSGgalicia](https://twitter.com/OSGgalicia)



[youtube.com/sinfonicadegalicia](https://youtube.com/sinfonicadegalicia)




[instagram.com/osggalicia](https://instagram.com/osggalicia)

El Consorcio para la Promoción de la Música cuenta con la financiación de:



Créditos



**EDITA**

Consortio para la Promoción de la Música  
Glorieta de América, 3  
15004 A Coruña - Galicia - España  
T. 981 252 021 - F. 981 277 499

**ILUSTRACIÓN, DISEÑO Y MAQUETACIÓN**

Marta Parra

**TRADUCCIÓN**

Roxelio Xabier García Romero  
Pilar Ponte Patiño